




Área / Unidad GESTION ADMINISTRATIVA MEDIO AMBIENTE MA1000 MTSG	Documento 5411AI090S	
Código de verificación  5V5G 4K71 6100 551W 0L15	Expediente 541/2024/179	
	Fecha 01-07-2026	

Exp.: EPI 1/24

ASUNTO: RESOLUCIÓN ORDE DE EXECUCIÓN SUBSIDIARIA CON REPERCUSIÓN DE COSTOS POR INCUMPRIMENTO DAS OBRIGAS DE XESTIÓN DE BIOMASA E RETIRADA DE ESPECIES ARBÓREAS

DECRETO

Visto o Informe Proposta que antecede á presente Resolución, emitido pola Xefa de Departamento de Xestión Administrativa de Medio Ambiente (CSV 5Z6Z 2I5J 4611 2H6Y 1D5A) e facendo uso das facultades que teño atribuídas por Decreto de delegación de competencias da Alcaldía Presidencia, de data 19 de xuño do 2024 (BOP nº 122, de 26 de xuño), de conformidade co disposto no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,

DISPOÑO:

Primeiro.- Ordenar a execución subsidiaria da realización dos traballos de xestión da biomasa para a prevención e defensa contra os incendios forestais nas parcelas descritas no antecedente primeiro. Así mesmo procederáse ao comiso da madeira resultante da corta das especies arbóreas que deban ser retiradas.

A execución subsidiaria levarase a cabo a partir das **08:30 horas do día 20 de xullo de 2026** por parte do persoal designado pola Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional dos gastos derivados da execución subsidiaria, que, a reserva da súa liquidación definitiva unha vez realizadas as actuacións, deberá aboar a persoa responsable.

Terceiro.- Dar traslado ao órgano competente para incoar o procedemento sancionador, consonte ao establecido polo artigo 54 da Lei 3/2007, para que se incoe o dito procedemento e se adopte a medida cautelar de comiso das especies arbóreas prohibidas.

Cuarto.- O texto íntegro desta resolución estará ao dispor das persoas destinatarias na sede electrónica do Concello actuante.

A Coruña, (na data de sinatura dixital que consta neste documento)

A Alcaldesa, P.D.

A Concelleira Delegada de Medio Ambiente,
Eudoxía María Neira Fernández